


A CIG pon en marcha unha campaña activa para esixir a climatización urxente de todas as escolas infantís 0-3 e que a Xunta de Galiza, concellos, asociacións e empresas respecten a temperatura máxima (25°C) permitida neste tipo de centros

O sindicato anima a familias e persoal traballador a que se recollan rexistros térmicos e se esixan medidas correctoras aos responsábeis das escolas que, de non atender estes requirimentos, serán trasladados á Inspección de Traballo.



O sindicato tamén esixirá a compensación dos días festivos que coincidan en sábado e o abono do SMI 2026 (1221 €) como salario base, sen absorción do CPP (Complemento de Perfeccionamento Profesional), denunciando na rúa e no xulgado ás empresas que desestimen estas demandas.

Despois de moitos centros soportaren nas aulas altas temperaturas de máis de 27° C, e que se nos trasladasen probas dende as escolas infantís 0-3, a CIG denuncia publicamente **que se superan con frecuencia os límites térmicos legais máximos de 25°C, humidade relativa, velocidade do aire e concentración de CO²**, o que pon en risco a saúde das traballadoras/es e dos nenos e nenas de entre 0 e 3 anos.



A lexislación vixente estatal, o Real Decreto 486/1997 de lugares de traballo e normativas de saúde laboral, establece límites estritos para garantir o benestar térmico, que son:

Centros de traballo (aulas en xeral e oficinas):
A temperatura máxima legal non pode superar os 27 °C, tendo en conta outros parámetros (humidade, aire e CO₂).

Escolas Infantís: Nas áreas onde se realiza actividade física moderada ou en contornas vulnerables, como as escolas de 0-3 (onde os menores non regulan a temperatura corporal igual que un adulto), recoméndase non superar os 25 °C.

Diante de aulas que ás veces superan os 30°C nas vagas de calor, a CIG esixe que **cando se superen os 25°C debe de entrar en funcionamento un plan de continxencia que de xeito progresivo vaia implementando medidas preventivas a medida que vaia incrementándose a temperatura**. O sindicato propón as seguintes medidas á Consellaría de Política Social, Concellos e asociacións/empresas:

- **Instalación de sistemas de climatización**
Dotar de aire acondicionado ou sistemas de refrixeración sostibles a todos os centros educativos que carezan deles.
- **Plans de continxencia**
Crear protocolos claros de actuación inmediata para cando se rexistren temperaturas extremas.

- **Avaliacións de risco térmico**
Incluír o estrés térmico por calor dentro das avaliacións de riscos laborais de cada escola infantil. A avaliación do risco térmico debe realizarse mediante a instalación de termómetros que midan en continuo e os parámetros requiridos.
- **Habilitación de zonas climatizadas seguras**
Estas zonas, como é imposible suspender a actividade, teñen que estar habilitadas en todos os centros para que en función da temperatura, as persoas traballadoras e as crianzas as ocupen por quendas e cada certo tempo.

É importante salientar que a calor pode chegar a xerar unha situación de risco grave e inminente.

Como persoal traballador, que debes facer se se superan os límites no teu centro?

O sindicato pide a colaboración do persoal traballador e das familias para poder tramitar as denuncias ante a Inspección de Traballo, sempre que os responsables non tomen as medidas axeitadas antes descritas, unha vez que trasladastes por escrito as incidencias. Pasos a dar:

- Medir a temperatura cun termómetro dentro das aulas.
- Anotar os datos (gardar rexistro do día, hora exacta e o espazo afectado).
- Sacar unha fotografía do termómetro como proba visual.
- Enviar a información á CIG, para que o gabinete de prevención de riscos poida interpoñer a denuncia formal e esixir medidas correctoras á administración que corresponda ou empresa concesionaria, así como metela na Inspección de Traballo.

Ademais da denuncia formal pola vía legal, a CIG, denunciará publicamente na rúa e diante da escola afectada, este incumprimento normativo e informará as familias.

«A CIG pide a colaboración do persoal traballador e das familias para poder tramitar as denuncias ante a Inspección de Traballo, sempre que os responsables non tomen as medidas axeitadas»

Nos locais da CIG terás «modelos para solicitar por escrito» medidas a adoptar ante excesos de temperatura, así como para reclamar o pago do SB, mínimo igual ao SMI, ou o non compensar os festivos que coincidan en sábado.

Que facer nos centros de Xestión Indirecta se non cobras o SMI como Salario Base (SB) e che absorben os Complementos de Perfeccionamento Profesional?

O sindicato tamén esixirá, seguindo o mesmo procedemento que nos excesos de temperatura, o abono do SMI 2026 (1.221€, pois nas táboas actuais recolle 1.210€ como salario base), a todas as escolas infantís 0-3 de Xestión Indirecta, denunciando na rúa e no xulgado ás que absorban os CPP, sempre que así nolo soliciten as traballadoras afectadas.

Que facer se non che compensan os días festivos que coinciden en sábado?

Este ano hai dous festivos que coinciden en sábado e segundo a normativa xurídica actual (Sentenza Núm.: 88/2026 da Audiencia Nacional do 19/5/26 e baseada en pronunciamentos anteriores do Supremo) estes festivos para o persoal que traballe de luns a venres, deben compensárselle con dous días libres, para así poder gozar dos 14 festivos que marca o Estatuto dos Traballadores/as.

Procedemento: solicitalos por escrito e en caso de desestimento pola empresa seguir pasos por excesos de temperatura e SMI.

A CIG pide a dimisión da conselleira de Política Social por defender os intereses do empresariado do sector das escolas infantís e esquecer a traballadoras e crianzas

Tanto Fabiola García como Alfonso Rueda ameazan con eliminar a gratuidade desta etapa, un servizo público que se sufraga cos impostos de todos e todas e que en Galiza sostén a empresas privadas con condicións de traballo indignas e salarios de pobreza.

A Conselleira de Política Social, Fabiola García, vén de afirmar que se o goberno central aproba as novas ratios para a educación infantil (4 nenos e nenas de 0-1 ano, 6 de 1 a 2 anos e 8 de 2 a 3 anos) estará en risco a gratuidade das escolas infantís en Galiza. A CIG que, a través da federación da Administración e de Ensino, defende os dereitos das traballadoras tanto das escolas públicas como privadas, cualifica esta ameaza de «intolerábel» e pide que presente inmediatamente a súa dimisión por poñerse do lado dos intereses económicos das empresas do sector e desprezar o benestar do alumnado e os dereitos laborais das traballadoras. Neste sentido cómpre poñer en situación as ratios totalmente abusivas actuais (8,13 e 20 por educadora respectivamente), que claramente imposibilitan que as crianzas estean ben atendidas e que se poidan desenvolver os proxectos educativos propios deste nivel.

O sindicato maioritario no sector, tanto público como privado, que abrangue a máis de 5.000 traballadoras en Galiza lémbrolla á conselleira que a gratuidade deste servizo público esencial se financia cos impostos de todos e todas as galegas e que se destina a empresas privadas por decisión expresa do seu goberno. Neste sentido fai fincapé en que a Xunta vén de devolver 22 millóns de euros ao Estado que tiñan como fin a creación de prazas públicas. Polo tanto, a administración galega optou por manter o modelo privado financiado con cartos públicos sen que esta inxección económica supuxera ningunha mellora para as traballadoras que seguen tendo salarios nalgún caso inferiores ao SMI e unha enorme responsabilidade social.

«A administración galega optou por manter o modelo privado financiado con cartos públicos sen que esta inxección económica supuxera ningunha mellora para as traballadoras»



Outro motivo que esgrime a CIG para pedir a dimisión de Fabiola García é que minte descaradamente ao dicir que se reúne con «todo o sector», dado que só se reuniu coa parte empresarial pero négase a recibir á parte laboral desde hai máis de tres anos que lle levan pedindo reunións para abordar melloras nas condicións, a mediación para un convenio galego do sector e o paso a depender de Educación, entre outras demandas. A conselleira segue sen recibir nin aos centros públicos nin ás traballadoras dos centros privados nin ás persoas representantes legais do sector.

«É tamén intolerábel que a máxima responsábel de IGUALDADE do goberno da Xunta lance mensaxes intimidatorias e de coacción ao dicir que se van perder moitos salarios de mulleres», indican desde a CIG. Neste sector, completamente feminizado, a conselleira de Política Social e Igualdade defende que as traballadoras teñan que estar agradecidas e conformes por ter condicións de traballo indignas e salarios de pobreza, malia o labor educativo e de protección que realizan sobre o máis valioso da sociedade galega.

Competencias plenas en materia educativa

Esta visión tena tamén o presidente da Xunta, Alfonso Rueda que tamén insiste en que as novas ratios «comprometen a gratuidade» ao non entender o concepto de gratuidade universal como un servizo público senón como o negocio sufragado por todas e todos ao sector privado.

En declaracións recentes, o presidente da Xunta de Galiza animaba ás traballadoras das escolas infantís a manifestarse en Madrid contra o goberno central. Está claro que o obxectivo desta «solidariedade» de Rueda non era apoiar as reivindicacións do persoal que traballa no sector, senón sacar rédito político dun conflito laboral. A Xunta, que ten as plenas competencias en materia educativa, podía ter baixado o cociente educadora/ número de crianzas e lonxe de facelo agora rebélase contra a intención de mudar estas ratios por parte do goberno do Estado.

Mentras Rueda acusa a Sánchez de non financiar escolas infantís en Galiza, hai apenas un ano a Consellería de Política Social devolveu ao Estado 22 dos 34 millóns de fondos europeos que lle enviara para crear máis de 3.000 prazas públicas en escolas infantís. Dado que estes cartos non podían empregarse para sufragar prazas en centros privados a administración galega optou por manter o modelo privatizador, mentres noutras CCAA se incrementaron ostensiblemente as prazas públicas nos últimos anos.

Desde a CIG sempre se defenderá un modelo público de educación e gratuito, sexa a etapa que sexa, e mentres a rede de centros sexa insuficiente a gratuidade ou o copagamento da educación privada debería ter en consideración as rendas das

familias usuarias. Ademais hai que ter en conta que Galiza é o territorio do Estado co menor índice de natalidade polo que as políticas demográficas son un investimento, non un gasto.

Maltrátase ao persoal e préstase unha atención deficiente

Por outra banda, Fernando Rollán, presidente da patronal do sector (AGADEI), fala da inviabilidade económica dos centros que representa se se aproba este decreto. O que é inviábel é dar unha atención educativa de calidade con estas ratios e diso é plenamente consciente calquera persoa, sobre todo as familias, que saben da dificultade da crianza e da educación nestas idades como para facelo con até 8 bebés ou 20 nenos e nenas de máis de 2 anos nunha aula ao cargo de unha única persoa. A pregunta que deberían responder os responsábeis políticos do PP e da patronal é se son usuarios destes servizos coas ratios actuais ou non confían en que estean ben atendidos os seus fillos e fillas e optan por outras opcións que si se poden permitir polos seus ingresos económicos. Esa é a resposta que teñen que dar publicamente porque desde o momento en que quen nos goberna opta por servizos privados de alto standing e despreza o público ou precarizado a nivel particular xa se sabe como vai xestionar os recursos públicos.

Comparativa de cocientes por educador/a e grupo e idade con outros

	Aula 0-1 anos	Aula 1-2 anos	Aula 2-3 anos
Dinamarca	1 educadora: 3 crianzas	1 educadora: 3 crianzas	1 educadora: 6 crianzas
Reino Unido	1:3	1:3	1:4 / 1:5
Bélxica	1:5	1:8	1:8
Alemaña (var. segundo o Lander. Media Aprox)	1:3	1:5	1:5
Galiza	1:8	1:13	1:20
Proposta modificación marco estatal	1:4	1:6	1:8

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 a Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 a Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomino@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal